




2019-2020




Entrega: 15 novembro
Comentario: 13 decembro




Entrega: 13 decembro
Comentario: 17 xaneiro




Entrega: 17 xaneiro
Comentario: 14 febreiro



Entrega: 14 febreiro
Comentario: 13 marzo



Entrega: 13 marzo
Comentario: 17 abril




El nombre del viento, de Patrick Rothfuss

Nunha pousada en terra de ninguén, un home dispónse a relatar, por primeira vez, a auténtica historia da súa vida. Unha historia que únicamente el coñece e que quedou diluída tras os rumores, as conxecturas e os contos de taberna que o converteron nun personaxe lendario a quen todos daban xa por morto: Kvothe, músico, esmoleiro, ladrón, estudante, mago, heroe e asasino. Agora vai revelar a verdade sobre si mesmo.




El castillo ambulante, de Diana Wynne Jones

No país de Ingary, onde existen cousas como as botas de sete leguas ou as capas de invisibilidade, que unha bruxa te maldiga non é algo inusual. Cando a Bruxa do Páramo converte a Sophie Hatter nunha anciá, a moza abandona a sombrerería familiar para pedir axuda no único lugar máxico que se lle ocorre: o castelo ambulante que atemoriza aos habitantes de Market Chipping.




El libro de los portales, de Laura Gallego

Os pintores da Academia dos Portais son os únicos que saben como debuxar os extraordinarios portais de viaxe que constitúen a rede de comunicación e transporte máis importante de Darusia. Cando o estudante Tabit recibe o encargo de pintar un portal para un humilde campesiño, non imaxina que está a piques de verse involucrado nunha trama de intrigas e segredos.



El Hobbit, de J. R. R. Tolkien

Smaug parecía profundamente durmido cando Bilbo espiou unha vez máis desde a entrada. Pero finxía estar durmido! Estaba a vixiar a entrada do túnel!... Sacado do seu cómodo buraco-hobbit por Gandalf e unha banda de ananos, Bilbo atópase de súpeto no medio dunha conspiración que pretende apoderarse do tesouro de Smaug o Magnífico, un enorme e moi perigoso dragón...



Seraphina, de Rachel Hartman

Nun reino máxico e sombrío no que humanos e dragóns conviven cunha paz inestable, Seraphina é unha música moza e talentosa (a pesar de ser humana) que acaba de entrar no coro da corte. Alí, as intrigas políticas son o pan de cada día. Pouco despois da súa chegada, unha nova atravesa os muros de palacio: un membro da familia real foi asasinado. Para investigar o crime, Seraphina alíase co perspicaz Lucian Kiggs, capitán da garda real.